



Concello da Pobra do Caramiñal

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Unha vez celebradas as Eleccións Locais o pasado día 26 de maio, e constituído o novo Concello, o 15 de xuño, resulta necesario proceder ó establecemento da nova organización municipal, en particular, á constitución da Xunta de Goberno Local, no exercicio da potestade de autoorganización que, o artigo 4.1. a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, recoñece a esta Entidade.

Conforme ao disposto no artigo 20 da Lei de Bases de Réxime Local, os municipios con mais de cinco mil habitantes contarán como órgano necesario coa denominada Xunta de Goberno Local.

O dito órgano integrase polo alcalde e un número de concelleiros non superior a un tercio do número legal (actualmente 13), sendo nomeados e separados libremente pola Alcaldía, tendo en conta que as súas funcións son as de asistencia ó alcalde no uso das súas atribucións e o exercicio daquelas atribucións que o alcalde ou outro órgano municipal lle delegue, amén das que lle puideran atribuír directamente as leis (artigo 23 da lei 7/1985, e 52 e 53 do RD.2568/1986). As atribucións que se deleguen na Xunta de Goberno Local exerceranse de conformidade co previsto nos artigos 114 a 118 do Rd.2568/1986.

Vista a regulación deste órgano no Regulamento orgánico municipal vixente (ROM)

Polo exposto, e vistas as atribucións que corresponden á Alcaldía segundo o artigo 21 da Lei 7/1985, así como os concordantes da Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia, o Rd.781/1986, polo que se aproba o Texto Refundido de disposicións legais vixentes en materia de Réxime local, o Rd.2568/1986 xa mencionado, en tanto non se viran afectados polas modificacións efectuadas na Lei 7/1985, e demais normativa básica vixente, considerando unicamente aquelas atribucións e facultades delegables, esta Alcaldía no exercicio da competencia que lle outorga o artigo 44 do RD.2568/1986, **RESOLVO:**

Primeiro: Revogar a Resolución da Alcaldía nº 404/2015, do día 3 de xullo, e modificacións de se-lo caso, pola que se determinaba a composición, competencias e demais aspectos relativos á Xunta de Goberno Local.

Segundo: A Xunta de Goberno Local estará formada por este Alcalde e tres concelleiros/as:

Concello da Pobra do Caramiñal



Concello da Pobra do Caramiñal

JOSE LUIS PIÑEIRO GARCIA.- PRESIDENTE

ROSARIO VARELA FERNANDEZ.- VOGAL

PATRICIA LOJO NINE.- VOGAL

MARÍA GENOVEVA HERMO SANTOS.- VOGAL

Terceiro: A Xunta de Goberno Local manterá a competencia básica de prestar asistencia e asesoramento á Alcaldía que conservará todas as atribucións que lle confire a lexislación vixente con excepción das competencias que neste acto de delegan.

Cuarto.- Conforme o artigo 21.3 da Lei reguladora das bases de réxime local, efectuar delegación de competencias na Xunta de Goberno Local das seguintes materias:

- Urbanismo, incluíndo as de aprobación dos instrumentos de planeamento de desenrolo do planeamento xeral non atribuídas ao pleno da corporación, así como os instrumentos de xestión urbanística e dos proxectos de urbanización, así como o outorgamento de licenzas urbanísticas e de actividade e a toma en razón das comunicacións previas en materia urbanística e de actividade.
- Aprobación da Oferta de emprego público
- Acordar a separación de servizo dos funcionarios e o despedido do persoal laboral, dando conta ao Pleno na primeira sesión que se celebre.

Quinto.- A Xunta de Goberno Local celebrará sesión constitutiva no prazo de 15 días seguintes de acordo co disposto no artigo 49 do ROM. Na mesma sesión deberase aceptar por dito órgano a delegación das atribucións aquí efectuadas.

Sexto.- A Xunta de Goberno celebrará as súas sesións ordinarias cunha periodicidade quincenal e preferiblemente os mércores en horario de mañá, salvo causa xustificada,, nas dependencias do Concello, previa convocatoria ó efecto realizada por esta Alcaldía, sendo unha hora despois de non existir quórum suficiente de maioría absoluta na primeira convocatoria (Alcaldía e 2 membros), bastando a presenza de 1/3 dos membros na segunda, se ben o quorum coincide ao non poder ser inferior como órgano colexiado a tres, incluído o Presidente.

Sétimo.- As sesións da Xunta de Goberno Local que coincidan no mes de agosto, Semana Santa e Nadal, como consecuencia dos períodos vacacionais, poderán ser alteradas cando isto non menoscabe a xestión dos asuntos municipais. Asemade, a Alcaldía poderá pospoñer ou avanzar a celebración das sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local, dentro da mesma semana da súa celebración, cando o día fixado sexa festivo.

Concello da Pobra do Caramiñal



Concello da Pobra do Caramiñal

Oitavo.- A presente resolución surtirá efecto dende o día da súa data, sen prexuízo da súa preceptiva publicación no Boletín Oficial da Provincia, e notificarase aos membros da Xunta de Goberno Local para os efectos do previsto no artigo 114 do ROF.

Noveno.- Da presente resolución darase conta ó Pleno na sesión extraordinaria que se convoque para dar cumprimento ó previsto no art. 38 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Na Pobra do Caramiñal, na data da sinatura dixital,

O alcalde

O secretario

Concello da Pobra do Caramiñal

R/ Gasset, 28, A Pobra do Caramiñal. 15940 (A Coruña). Tfno. 981843280. Fax: ---